



Concello da Pobra do Caramiñal

# FOLGA MUNDIAL CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO 27/09

**VENRES 27 DE SETEMBRO DE 2019**

10:30 HORAS CADEA HUMANA NA PRAIA DOS AREOS

16:00 HORAS RECOLLIDA DO LIXO NO RÍO PEDRAS

Lugar de encontro para a recollida de lixo: zona de aparcamento da Aldea Vella

Duración aproximada da recollida de lixo: 2 horas

Condições de participación na recollida de lixo:

- Calzado adecuado por ser un lugar pedregoso e escorregadizo
- **Non apto para menores de 12 anos**
- **Obrigatorio cubri-la folla de inscrición**

Información para a inscrición na recollida de lixo:

- [medioambiente@apobra.gal](mailto:medioambiente@apobra.gal)
- tfno 981-843280, extensión 2008

Prazo de inscrición para a recollida de lixo

- **Remata no xoves día 26 de setembro ás 14:00 horas**

20:30 HORAS CONCENTRACIÓN NO CANTÓN DA LEÑA



Concello da Pobra do Caramiñal

## FOLLA DE INSCRICIÓN PARA O VOLUNTARIADO

### NA RECOLLIDA DE LIXO NO RÍO PEDRAS

DE VENRES 27 DE SETEMBRO DE 2019

NOME COMPLETO (OBRIGATORIO)

TELÉFONO (OBRIGATORIO)

DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN (OBRIGATORIO)

DATA DE NACEMENTO (OBRIGATORIO)

CORREO ELECTRÓNICO (OPCIONAL)

### **Asumo a miña responsabilidade (obrigatorio)**

**Si**

1. De que estou fisicamente ben preparada/o para esta actividade, gozo de boa saúde en xeral, sen padecer enfermidade, defecto físico ou lesión que poida agravarse coa miña participación na devandita actividade. Se durante a proba padecer algún tipo de lesión ou calquera outra circunstancia que puiden prexudicar gravemente a miña saúde, poreino en coñecemento da organización canto antes.

2. De que son consciente de que este tipo de actividade, ó se desenvolver no medio natural, en lugares de difícil control e acceso, leva un risco adicional para as persoas participantes. Por iso, asisto de propia vontade e iniciativa asumindo integramente os riscos e consecuencias derivadas da miña participación.

3. De que dispoño de capacidade física e destreza técnica suficientes como para garanti-la miña propia seguridade, baixo as condicións de autonomía en que se desenvolve a actividade. Igualmente, dispoño do material deportivo e de seguridade esixido pola organización e garanto que se atopa en bo estado, sei utilízalo adecuadamente e levareino encima durante toda a actividade.

4. De que domino e me comprometo a cumprir-las normas e protocolos de seguridade establecidos pola organización para a actividade en que vou intervir, así como a manter un comportamento responsábel que non aumente os riscos para a miña integridade física ou psíquica. Seguirei as instrucións e acatarei as decisións que tomaren as persoas responsábeis da organización en temas de seguridade.

5. De que autorizo os servizos médicos da actividade a que me practiquen calquera cura ou proba diagnóstica que puiden necesitar estando ou non en condicións de soliciala. Ante os seus requirimentos comprométo-me a abandonar-la actividade se eles o estimaren necesario para a miña saúde.

6. De que lle autorizo á organización calquera fotografía, filmación ou gravación que tome, sempre que estea exclusivamente relacionada coa miña participación neste evento.

7. De que participo voluntariamente e baixo a miña propia responsabilidade nesta actividade.

Sinatura

Lugar e data